



A Subdelegación do Goberno en Pontevedra, adscrita ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, exerce todas as funcións atribuídas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, coordinando, supervisando e impulsando iniciativas para a mellora de todos os servizos da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos públicos situados no seu territorio.

Servizos que prestamos

- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------|
| 1 Información e atención á cidadanía. | 11 Sanidade exterior. |
| 2 Violencia sobre a muller. | 12 Sanidade vexetal: control fitosanitario importación/exportación. |
| 3 Servizos dirixidos a inmigrantes en España. | 13 Sanidade animal: control veterinario importación/exportación. |
| 4 Servizos relacionados con emprego ou emigrantes. | 14 Pesca marítima. |
| 5 Homologación/equivalencia de títulos académicos estranxeiros e expedición de títulos. | 15 Devolución de taxas. |
| 6 Tramitación de expedientes relacionados con explosivos e pirotecnia. | 16 Xustiza |
| 7 Expropiacións. Tramitación de expediente de prezo xusto. | 17 Expedientes correspondentes a sancións administrativas. |
| 8 Intervención estatal ante situacións de emerxencia ou catastróficas. | 18 Solicitudes de autorizacións administrativas. |
| 9 Vacinación internacional. | 19 Servizos a empresas e outras administracións. |
| 10 Inspección de farmacia. | 20 Dereito de reunión. |

Compromisos de calidade

- 1 Responder as queixas recibidas por calquera medio nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a entrada na Subdelegación do Goberno.
- 2 Resolver as solicitudes de autorización de subministración de explosivos nun prazo máximo de 5 días hábiles desde a recepción da solicitude.
- 3 Asignar cita previa para os servizos de vacinación internacional nun prazo máximo de 15 días naturais desde a recepción da solicitude.
- 4 Resolver as solicitudes de autorización de armeiros para empresas de seguridade nun prazo máximo de 45 días hábiles desde a recepción do informe favorable da Intervención de Armas e Explosivos.
- 5 Contestar os correos electrónicos que soliciten información na Oficina de Información e Atención á Cidadanía / Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros nun prazo de 10 días hábiles desde a recepción do correo.
- 6 Contestar os correos electrónicos que soliciten información da área de Educación nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a recepción do correo.
- 7 Responder as consultas relacionadas coa tramitación de expedientes do Xurado de Expropiación nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a súa recepción.

Unidade responsable da carta:

Secretaría Xeral da Subdelegación do Goberno en Pontevedra

Praza de España, s/n – 36002 Pontevedra

986 98 90 00

secretario_general.pontevedra@correo.gob.es

https://mpt.gob.es/portal/delegaciones_gobierno/

@DelGobGalicia



Edita: Ministerio de Política Territorial
y Memoria Democrática
NIPO (papel): 127-24-009-2



Consulte aquí o texto completo
da carta de servizos